



## Guía Docente

Datos Identificativos					2024/25
Asignatura (*)	Movimentos Migratorios e Codesenvolvemento	Código	710G05028		
Titulación	Grao en Relacións Internacionais				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	6	
Idioma	Inglés				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Humanidades				
Coordinación	Armas Dieguez, Pedro Ramon	Correo electrónico	pedro.armas@udc.es		
Profesorado	Armas Dieguez, Pedro Ramon	Correo electrónico	pedro.armas@udc.es		
Web	<a href="http://https://humanidades.udc.es">http://https://humanidades.udc.es</a>				
Descrición xeral	Análise dos movementos migratorios para a comprensión das relacións internacionais, focalizado na conexión entre migración, territorio e xeopolítica. Trala explicación das fontes e métodos para a cuantificación de saldos demográficos e das teorías e tipoloxías migratorias, presta especial atención a súa repercusión no codesenvolvemento.				

## Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A3	CE3 - Coñecer os conceptos, teorías e técnicas aplicadas á análise dos actores e relacións internacionais, tanto no ámbito universal como no rexional, cunha perspectiva tanto histórica como contemporánea.
A5	CE5 - Comprender e analizar os procesos globalizadores, as dinámicas de deslocalización e estratexias alternativas.
A8	CE8 - Ser capaz de aplicar a metodoloxía científica aos retos sociais, políticos, económicos e xurídicos con elemento internacional.
A10	CE10 - Adquirir coñecemento das técnicas, métodos de traballo e análise das ciencias humanas, sociais e xurídicas.
A11	CE11 - Analizar a realidade política, social e económica no marco da cooperación internacional ao desenvolvemento.
B1	CB1 - Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adóitase atopar a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
B2	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B3	CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
B6	CG1 - Apreciar a diversidade e a multiculturalidad.
B7	CG2 - Adquirir habilidade para traballar nun contexto internacional.
C3	CT3 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	CT4 - Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía respectuosa coa cultura democrática, os dereitos humanos e a perspectiva de xénero, nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional, co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria.
C6	CT6 - Adquirir habilidades para a vida e hábitos, rutinas e estilos de vida saudables, así como un uso equitativo, responsable e eficiente dos recursos.
C9	CT9 - Ter a capacidade de xestionar tempos e recursos: desenvolver plans, priorizar actividades, identificar as críticas, establecer prazos e cumprilos.

## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título
---------------------------	-------------------------------------



Coñecer as fontes e métodos da análise dos fluxos migratorios.	A3 A5 A8 A10 A11	B1 B2 B3 B6 B7	C3 C4 C6 C9
Tomar conciencia da repercusión do proceso de globalización nos movementos migratorios e no codesenvolvemento.	A5 A8 A10 A11	B3 B7	C4 C9
Analizar criticamente as teorías migratorias e as desigualdades de xénero nas mesmas.	A3 A5 A8 A10	B1 B2 B3	C3 C4
Diferenciar as políticas migratorias e comprender a súa repercusión territorial.	A3 A5 A8 A10 A11	B1 B2 B3 B6 B7	C3 C4 C9
Avaliar o impacto dos movementos migratorios na actualidade.	A3 A5 A8 A10 A11	B1 B2 B3 B6 B7	C3 C4 C6 C9

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Metodoloxía e fontes.	1.1. As definicións básicas. 1.2. Os métodos de cuantificación. 1.3. As fontes estatísticas.
2. Teorías migratorias.	2.1. As teorías a pequena escala. 2.2. As teorías a grande escala. 2.3. As teorías a media escala: codesenvolvemento
3. Causas e consecuencias das migracións.	3.1. As causas das migracións. 3.2. As consecuencias das migracións.
4. Migración e xénero.	4.1. As definicións conceptuais. 4.2. Os datos da desigualdade. 4.3. A perspectiva de xénero nas migracións.
5. Migracións forzadas.	5.1. O concepto de refuxiado. 5.2. A crise de refuxiados. 5.3. A tipoloxía de desprazamentos forzados.
6. Mapa da emigración: análise de casos.	6.1. Turquía (hinterland). 6.2. Rusia (hinterland). 6.3. China (hinterland). 6.4. India (hinterland). 6.5. Sueste asiático. 6.6. África do norte. 6.7. África subsahariana. 6.8. África austral. 6.9. América Central e Caribe. 6.10. América andina.



7. Mapa da inmigración: análise de casos.	7.1. Unión Europea. 7.2. Países Nórdicos. 7.3. Golfo Pérsico. 7.4. Xapón. 7.5. Golfo de Guinea. 7.6. Sudáfrica. 7.7. Canadá. 7.8. Estados Unidos. 7.9. Cono Sur. 7.10. Oceanía.
8. Globalización e codesenvolvemento.	8.1. A política migratoria e a globalización. 8.2. A cooperación e o codesenvolvemento.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A3 A8 A10 B2 B3 B1 C3 C6 C9	20	5	25
Estudo de casos	A5 A7 A9 A11 B2 B6 B7 B1 C4 C6 C9	15	35	50
Prácticas a través de TIC	A3 A8 A10 B2 B3 B1 C3 C6	10	40	50
Análise de fontes documentais	A3 A8 B3 B7 B1 C6 C9	5	5	10
Proba mixta	A3 A5 A7 A8 A10 A9 A11 B2 B3 B6 B7 B1 C3 C4 C6 C9	3	7	10
Atención personalizada		5	0	5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Sesión expositiva con interactividade combinada. Exposición oral complementada con medios audiovisuais e preguntas dirixidas aos estudantes, para transmitir coñecementos e facilitar o aprendizaxe. Serán explicados mediante sesións maxistras os temas: 1. Metodoloxía e fontes, 2. Teorías migratorias, 3. Causas e consecuencias das migracións, 4. Migración e xénero, 5. Migracións forzadas.
Estudo de casos	Estudo de casos migratorios para: incentivar os razoamentos indutivos e dedutivos, establecer hipóteses, refutar paradigmas, confirmar teorías, propor solucións... Analízanse casos que han de ser comprendidos, avaliados e resoltos a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo a partir de informes individuais a modo de ?expertos?. O estudo de casos aplicarase sobre de todo aos temas: 6. Mapa da emigración: análise de casos, 7. Mapa da inmigración: análise de casos, 8. Globalización e codesenvolvemento.
Prácticas a través de TIC	Prácticas con series estatísticas, material cartográfico e medios audiovisuais, para aplicar de forma efectiva as tecnoloxías da información e as comunicacións á análise de fluxos migratorios. As prácticas con TIC aplicarase sobre de todo aos temas: 1. Metodoloxía e fontes, 3. Causas e consecuencias das migracións.
Análise de fontes documentais	Introdución a documentos estatísticos, cartográficos e audiovisuais relevantes para a análise xeo-demográfica, como instrumentos de aplicación ao estudo de casos ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico. Esta metodoloxía combinarase coas sesións maxistras nos temas: 1. Metodoloxía e fontes, 4. Migración e xénero, 5. Migracións forzadas.
Proba mixta	Proba con preguntas tipo ensaio e preguntas tipo obxectivas, para avaliar a capacidade de síntese (por exemplo, definición de conceptos) e a capacidade de análise (por exemplo, comentario de material textual ou gráfico).



## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Plan de aprendizaxe, específico e individualizado, para axuste entre coñecementos e intereses do alumno, a petición propia. Trátase de preparar ao alumno para o traballo en equipa, para encaixar os seus intereses na análise grupal e para xerar solucións a problemas derivados das migracións.

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A5 A7 A9 A11 B2 B6 B7 B1 C4 C6 C9	Estudo de casos migratorios para: incentivar os razoamentos indutivos e dedutivos, establecer hipóteses, refutar paradigmas, confirmar teorías, propor solucións... Análizanse casos que han de ser comprendidos, avaliados e resoltos a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo a partir de informes individuais a modo de "expertos".	20
Prácticas a través de TIC	A3 A8 A10 B2 B3 B1 C3 C6	Prácticas con series estatísticas, material cartográfico e medios audiovisuais, para aplicar de forma efectiva as tecnoloxías da información e as comunicacións á análise de problemas derivados das migracións.	40
Proba mixta	A3 A5 A7 A8 A10 A9 A11 B2 B3 B6 B7 B1 C3 C4 C6 C9	Proba con preguntas tipo ensaio e preguntas tipo obxectivas, para avaliar a capacidade de síntese (por exemplo, definición de conceptos) e a capacidade de análise (por exemplo, comentario de material textual ou gráfico).	40

## Observacións avaliación

A avaliación por seguimento continuado/observación sistemática correspóndese co estudo de casos e prácticas Tics.

Para superar a materia o alumno deberá levar a cabo os estudos de casos e prácticas con Tics que se lle indiquen, ademais de obter polo menos unha cualificación de 5.0 puntos na proba mixta. De non ser así, poderá acudir a unha segunda oportunidade, para a cal se lle manterán as cualificacións dos estudos de casos e prácticas con Tics.

Ao alumnado con recoñecemento a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia se lle aplicará a "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na UDC", de 29 de maio de 2012, artigos 2.3, 3.b. y 4.5.

Advírtese que, se fose detectado fraude mediante plaxio ou copia en calquera das actividades avaliáveis, a materia será cualificada con 0.0 puntos na convocatoria correspondente, ao marxe doutras cualificacións obtidas.

## Fontes de información



**Bibliografía básica**

- Adams L.D. & Kirova A. (2007). Global migration and education: school, children and families. Lawrence Erlbaum Associates, New Jersey
  - Appleyard R. (2001). The human rights of migrants. Geneve
  - Boas I. (2015). Climate migration and security. Routledge, New York
  - Bruck T. & Stojetz W. (2021). Data options for assessing gender dimensions of forced displacement: a background note. World Bank, Washington
  - Dickinson E. (2016). Globalization and migration: a world in motion. Rowman & Littlefield, Lanham
  - Glick-Schiller N. & Faist Th. Comp. (2010). Migration, development and transnationalization. Berghahan Books, New York
  - Global Migration Group (GMC) (2017). Handbook for improving the production and use of migration data. KNOMAD. ONU. World Bank Group, Washington
  - Graeme H. (2013). Migration and climate change. Edward Elgar, Northampton, Massachusetts
  - IDMC (2023). Global Report on Internal Displacement (GRID). Internal Displacement Monitoring Centre, Norway
  - IDMC (2023). Gender dynamics on internal displacement. Internal Displacement Monitoring Centre, Norway
  - Lange S. et al. (2020). Earth's Future: Projecting exposure to extreme climate impact. Doi.org
  - Loescher G. (1993). International cooperation and the global refugee crises. Oxford University Press, New York
  - Marfleet Ph. (2006). Refugees in a global era. Palgrave Macmillan, Hampshire
  - Massey D.S. & Arango J. Comp. (1998). Worlds in motion: understanding international migration at the end of the millenium. Clarendon Press. Oxford
  - Massey D.S. & Arango J. Comp (2017). Comprender las migraciones internacionales. Bellaterra, Barcelona
  - Munck R., Schierup CU. & Delgado R. (2012). Migration, work and citizenship in the new global order. Routledge, London
  - Olesen H. (2002). Migration, return and development: an institutional perspective. Centre for Development Research, Copenhagen
  - OIM-IOM (2010). Gender, migration and remittances. International Organization for Migration. Geneve, Switzerland
  - OIM-IOM (2017). Migration in the 2030 Agenda. International Organization for Migration. Geneva, Switzerland.
  - OIT-ILO (2023). Global estimates on international migrant workers: results and methodology. ONU-UN
  - ONU-UN (2023). Gender on the move: working on the migration development nexus from a gender perspective. UN Women
  - Portes A. (2009). Las migraciones en el mundo. Icaria, Barcelona
  - Poston D.L. (2019). Handbook of Population. Springer, Switzerland
  - Robinson J. Comp. (2002). Development and displacement. Oxford University Press, Oxford
  - Solé C. (2010). Migraciones y desarrollo. Anthropos, Barcelona
  - Sudmeier-Rieux K. Comp. (2017). Identifying emerging issues and disaster risk reduction, migration, climate change and sustainable development. Cham, Sringer, Switzerland
  - The World Bank (2005). Remittances: development impact and future prospects. World Bank, New York
  - Wallerstein I. (2004). World-Systems Analysis: an introduction. Duke University Press
- <br /><br />



<b>Bibliografía complementaria</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Abad L.V. Comp. (2005). Codesarrollo: migraciones y desarrollo mundial. CIDEAL</li> <li>- Abey G.J. (2022). Gender and migration data. Paper 44, World Bank, New York</li> <li>- Aboussi M. (2012). El codesarrollo ante los retos actuales del transnacionalismo, gobernanza y ciudadanía: aplicaciones al caso hispano-marroquí. Tesis doctoral, Universidad de Granada</li> <li>- Aboussi M. Comp. (2012). El codesarrollo a debate. Editorial Comares, Granada</li> <li>- ACNUR (2009). Política de ACNUR sobre protección de refugiados. Documento UNHCR/DPC/2009/Doc. 02/Rev.1.</li> <li>- Adamu M. (2012). Climate change, gender inequality and migration (Ethiopian case). Lap Lambert Academic Publishing. Saarbrücken</li> <li>- Alonso J.A. Comp. (2004). Emigración, pobreza y desarrollo. Ed. La catarata, Madrid</li> <li>- Bridge (2011). Gender and climate change. Institute of Development Studies (IDS), UK</li> <li>- Bridge (2016). Gender and development in brief. Institute of Development Studies (IDS), UK</li> <li>- Casals C. (2004). Expulsados de su tierra: las personas desplazadas por la fuerza en el mundo. Editorial Milenio, Lleida</li> <li>- Castles S. (2000). International migration at the begining of tha twenty-first century: global trends and issues. International Social Science Journal 65</li> <li>- Castles S. &amp; Delgado R. Comp. (2007). Migración y desarrollo: perspectivas desde el sur. Universidad Autónoma Zacatecas</li> <li>- Colomer A. (2016). Inmigrantes y emigrantes: el desafío del mestizaje. Ciudad Nueva, Buenos Aires</li> <li>- Cordero R. &amp; Gómez F. (2012). El codesarrollo, una forma de gestionar las migraciones. Editorial Académica Española, London</li> <li>- Delgado R. &amp; Márquez H. Comp. (2013). Desarrollo desigual y migración forzada: una mirada desde el sur global. Universidad Autónoma Zacatecas</li> <li>- Eco U. (2019). Migración e intolerancia. Lumen, Barcelona</li> <li>- GMC (2016). Understanding women and migration. Global Migration Group. KNOMAD. ONU. World Bank Group, Washington</li> <li>- Guallar E. (2023). Cuestión de género. Global Data Institute. OIM, Berlín</li> <li>- Gundel J. (2002). The migration-development nexus (Somalia case). Centre for Development Research, Copenhagen</li> <li>- Hennebry J. &amp; Williams K. (2021). Gender and migration data. OIM, Geneve</li> <li>- Longué O. (2003). Huir para vivir: la libertad de los refugiados en un mundo global. Icaria, Barcelona</li> <li>- Malgesini G. Comp. (1998). Cruzando fronteras: migraciones en el sistema mundial. Icaria, Barcelona</li> <li>- Márquez H. (2012). El mundo al revés: la migración como fuente de desarrollo. Universidad Autónoma Zacatecas</li> <li>- Miguel C. (2016). Refugiadas: una mirada feminista al derecho internacional. Ed. La catarata, Madrid</li> <li>- Monsalve M.E. (2018). Migraciones y su transversalidad: análisis interdisciplinar. Ed. Aldebarán, Cuenca</li> <li>- OIM (2006). Derecho internacional sobre migración: Glosario. Organización Internacional para las Migraciones, Suiza</li> <li>- OIM-IOM (2023). Gender equality and the empowerment of the migrant women. International Organization for Migration. Geneve, Switzerland</li> <li>- Pérez Adroher M. (2010). Después de la migración ¿qué?. Publicaciones Universidad Pontificia de Comillas</li> <li>- Velasco JC. (2016). El azar de las fronteras: políticas migratorias, ciudadanía y justicia. Fondo de Cultura Económica, Ciudad de México</li> </ul>
------------------------------------	--

**Recomendacións**

**Materias que se recomienda ter cursado previamente**

Xeografía Política/710G05004

Xeodemografía/710G05005

**Materias que se recomienda cursar simultaneamente**

Antropoloxía Aplicada e Mediación Cultural/710G05027

**Materias que continúan o temario**



Análise Rexional do Subdesenvolvemento/710G05047

Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías